

INTITUCIONAL

## O Consello de Administración do Consorcio de Santiago dá a benvida aos seus novos membros

O Consorcio de Santiago celebrou o seu Consello de Administración e Comisión Executiva o pasado día 20 na Sede do Consorcio. O Consello aprobou diversos asuntos de trámite e deu a benvida aos seus novos membros.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consello-de-administracion-do-consorcio-de-santiago-da-benvida-aos-seus-novos-membros>



OFICINA TÉCNICA

## O programa de rehabilitación TerÉManter permitirá realizar todas as obras subvencionables ao non exceder o límite de orzamento

A oficina técnica do Consorcio avanzou na convocatoria deste ano 2023 do programa de axudas destinadas ao mantemento de carpinterías de madeira así como da envolvente exterior dos edificios do ámbito da cidade histórica que leva por nome 'TerÉManter'.

Nas últimas semanas, os técnicos da entidade interadministrativa elaboraron as documentacións técnicas solicitadas e analizaron os proxectos presentados polos solicitantes. Unha vez vistas, comprobouse que das 79 solicitudes de axudas do programa, as subvencionables non acadaron o tope de 900.000 euros presupostados para esta convocatoria, polo que todas as propostas serán executadas ao non haber concorrencia competitiva.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-programa-de-rehabilitacion-teremanter-permitira-realizar-todas-obras-subvencionables-ao-non>

EXPOSICIÓNS

## Federico García Lorca regresa a Compostela a través dunha mostra pioneira

A Casa do Cabido acolle desde o 20 de xullo, e ata comezos de novembro, unha mostra pioneira que reúne manuscritos, vídeos, debuxos, fotografías, testemuños e documentos varios, ademais de audios históricos, sobre a profunda relación do poeta andaluz Federico García Lorca con Santiago de Compostela e coa lingua e culturas galegas.

A mostra, que leva por nome 'Lorca en Compostela', está comisariada polo editor e escritor Henrique Alvarellos e estruturada en dez apartados con máis de 80 pezas e documentos, cedidos por 25 institucións e particulares, e dos que algún deles se exhiben por primeira vez ao público.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/federico-garcia-lorca-regresa-compostela-traves-dunha-mostra-pioneira>



PUBLICACIÓNS



## O Consorcio de Santiago e Galaxia coeditan un libro que detalla a historia dos tímpanos santiagoueses

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia presentaron en xullo a obra 'Os tímpanos de Compostela' que editan conxuntamente e que foi escrito por Ramón Yzquierdo Peiró. A publicación pertence á Biblioteca de Divulgación Xacobeo do Consorcio.

Este libro afonda nos tímpanos que se espallan por varios edificios da cidade, como os que se poden atopar na catedral e que soen pasar inadvertidos para a maior parte dos composteláns e visitantes.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-e-galaxia-coeditan-un-libro-que-detalla-historia-dos-timpanos/>



## Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e a USC recolle a literatura artística compostelá da Real Sociedade Económica

O Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago presentaron na Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago o libro 'Socorrer ensinando. La Real Sociedad Económica y la literatura artística en Compostela' de Miriam Elena Cortés López, que coeditan entre as dúas institucións e pertencente á Biblioteca Científica Compostelá do Consorcio.

A obra, que foi galardoadada co VII Premio de Ensaio Histórico Domingo Fontán da Real Sociedade Económica de Amigos do País e da Universidade de Santiago de Compostela, fai unha ampla recollida de textos históricos de humanistas, pintores, escultores e arquitectos procedentes de diferentes países europeos que traballaron en Compostela desde o século XV en adiante.

**Máis información:**

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/un-libro-coeditado-polo-consorcio-de-santiago-e-usc-recolle-literatura-artistica-compostela-da>

MÚSICA

## A Real Filharmonía visitará Celanova, Noia e Viveiro tras un intenso xullo

A RFG viviu un mes de xullo con cinco concertos moi diversos, catro deles en Santiago e un no Xacobeo Clarinet Fest de Lalín. Moi especial foi o da Praza da Quintana do pasado xoves 28, onde a chuvia non impediu trasladar a maxia da música clásica a un lugar tan simbólico da cidade.

Agosto completará a programación de verán da orquestra antes do descanso estival: o día 2 actúase no Festival Hércules Brass de Celanova, o 6 no Noia Harp Fest da localidade costeira e o 10 porase o ramo no Festival Bal y Gay en Viveiro.



## O Curso Avanzado de Especialización Orquestral publicou os admitidos para a decimosegunda edición

A Escola de Altos Estudos Musicais fixo público o listado de músicos admitidos no Curso Avanzado de Especialización Orquestral do vindeiro curso. Agora, abrírase unha convocatoria extraordinaria para cubrir tres prazas de violín, unha de violonchelo e outra de fagot. O prazo de inscrición está aberto ata o 12 de outubro.

**Máis información:**

<https://eaem.es/g/noticias/a-eaem-publica-unha-convocatoria-extraordinaria-para-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral/>